



EXPEDIENTE 2021/G006/000145. Aprobación das bases e imposición dos prezos públicos pola prestación das actividades de conciliación: Madrugadores e Tardes educativas e de lecer, curso 2021-2022.

Proposta de acordo

ANTECEDENTES

A necesidade de conciliación da vida persoal, familiar e laboral obriga a que, desde a Administración Local, se oferten aos menores servizos lúdico educativos durante o período escolar e fora dos horarios lectivos.

Así mesmo, de acordo co sinalado no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, a Administración Local para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Concello de Boqueixón, a través das Concellerías de Educación e Cultura e Servizos Sociais e Igualdade, veñen fomentando no ámbito das súas competencias, o desenvolvemento de programas de conciliación da vida familiar e laboral.

Co obxectivo de facilitar a conciliación das familias con menores ofértase un programa lúdico educativo que consiste na realización de actividades para alumnado de infantil e primaria durante o período escolar denominadas:

- Madrugadores
- Tardes Educativas e de Lecer

Ditas actividades realízanse en horarios de mañá e de tarde, non coincidindo co horario das clases escolares.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 25.2 k) da LRBRL, atribúe aos municipios competencias en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social e o apartado m) atribúe aos municipios competencias en materia de actividades culturais, deportivas, de ocupación do tempo libre e turismo.

Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais (BOP n.º 62 do 29 de marzo de 2012).

Artigo 5º. Conceptos e Contías



exp. 2021/G006/000145

1. No uso da facultade prevista nos artigos 47.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e 23.2.b) da Lei 7/1985, o Pleno do Concello delegou na Xunta de Goberno Local a competencia para concretar os conceptos e contías destes prezos públicos e proceder ás súas modificacións.

2. A Xunta de Goberno Local, á vista da programación elaborada polo responsable do departamento correspondente, fixará os prezos de cada servizo ou actividade, que poderán non cubrir os seus custes atendendo ás razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público debidamente xustificadas mediante informe anexo á dita programación, todo isto de conformidade co disposto no artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e coa fiscalización previa da Intervención municipal.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRA. Impoñer as tarifas dos prezos públicos pola prestación de actividade e servizos de conciliación da vida familiar e laboral do Concello de Boqueixón (Madrugadores e Tardes educativas e de lecer 2021-2022)

PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN MADRUGADORES E TARDES EDUCATIVAS E DE LECER, ANO 2021-2022

Artigo 1. Concepto

Considéranse servizos e actividades incluídas no ámbito de aplicación deste prezo público a prestación das actividades de conciliación da vida familiar e laboral do Concello de Boqueixón Madrugadores e Tardes Educativas e de Lecer que organiza o Concello de Boqueixón no exercicio das súas competencias en materia de conciliación e nas que se establecen dereitos de matrícula.

O servizo e actividades está dirixido a alumnado de infantil, primaria e secundaria empadroadado no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo de Boqueixón.

O número de prazas será de 20 prazas por día.

No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas seguiranse os criterios de baremación e presentarse a documentación requirida.

O desenvolvemento de ámbolos dous programas terá lugar no CPI Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención da Covid-19.

1 **Madrugadores**

O programa Madrugadores é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve entre as 7:30 e as 9:00 h durante o período lectivo do ensino infantil e de primaria.

Ofrécese un servizo de acollida, coidado e vixilancia antes do comezo das clases. Non se oferta servizo de almuerzo, que será por conta propia ou, no seu caso, se virá almorzado.

2 **Tardes educativas e de lecer**



exp. 2021/G006/000145

O programa Tardes Educativas e de Lecer ofrece dous servizos en espazos diferenciados, para atender as necesidades escolares, segundo a demanda de cada familia dentro do horario solicitado despois das clases.

- Acompañamento escolar:

O alumnado realizará as tarefas escolares diarias con vixilancia e apoio de monitores/ras con especialización e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo.

- Recreando:

Actividade lúdico-culturais que contará cun amplo programa de actividades, obradoiros e xogos.

A prestación do servizo terá un horario de 15:30 a 18:30h. durante o período lectivo do ensino infantil e de primaria.

Toda as actividades previstas serán compatibles coa actividade de inglés.

Artigo 2. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os/ad pais/nais dos nenos e das nenas que fagan usos dos servizos sinalados no artigo anterior e, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quenes corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3. Contía

1 As tarifas destes prezos públicos serán as seguintes:

Madrugadores	
Frecuencia de asistencia	Custo mensual
1 día /semana	10 €
2 día /semana	20 €
3 día /semana	30 €
4 día /semana	40 €
5 día /semana	50 €
Días soltos	5/día

Tardes educativa de lecer	
Frecuencia de asistencia	Custo mensual
1 día /semana	15 €
2 día /semana	30 €
3 día /semana	45 €
4 día /semana	60 €
5 día /semana	75 €
Días soltos	10/día

Artigo 4. Exencións e bonificacións



exp. 2021/G006/000145

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo público que resulte aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

1 Exencións

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	100%
---	------

2 Bonificacións

Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	80%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	40%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM (3.495,96€).	20%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40%

Artigo 5. Obriga de pagamento

1 Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos os usuarios ou beneficiarios dos servizos ou actividades.

2 A obriga de pagamento nace cando se formalice a inscrición no servizo ou a actividade que se vaia a realizar

3 O pagamento realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

4 Procederá a devolución do importe satisfeito cando o servizo ou a actividade non se presten por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, e cando non sexa admitida a solicitude de inscrición.

5 Nos demais casos, a falta de asistencia ao servizo ou actividade en que o interesado figure inscrito dará dereito á devolución, como máximo, do 80 por cento do ingresado, sempre que o obrigado ao pagamento comunique a súa renuncia mediante escrito rexistrado de entrada no concello cunha antelación mínima de cinco días ao sinalado para o comezo do correspondente servizo ou actividade, acompañando o resguardo expedido pola entidade colaboradora.

Artigo 6. Xestión do servizo e actividades

1 Os horarios de entrada (madrugadores) e saída (Tardes Educativas e de Lecer) reflectiranse na ficha de inscrición.

2 Inscricións



exp. 2021/G006/000145

Realizaranse, ata cubrir as prazas ofertadas, enviando a ficha de solicitude e demais documentación por unha das seguintes vías:

- Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente). Incluír documentación en solicitude xeral.
- Presencialmente, mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Concello.
- Unha vez finalizado o prazo de inscricións, no caso de que quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo o orden de rexistro de entrada.
- Posibilidade de inscricións por frecuencia semanal ou días soltos.
- Calquera modificación de horarios ou de asistencia ás actividades deberá presentarse mediante escrito motivado no Rexistro xeral do Concello/sede electrónica do Concello, con antelación de sete días naturais.

Documentación que deben achegar xunto á ficha de inscrición:

- 1 Declaración do IRPF do ano correspondente ou xustificante acreditativo de non ter que presentala, salvo que dita declaración fose presentada no ano en curso, respecto doutras actividades de conciliación.
- 2 Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).
- 3 Documentación complementaria no caso de que sexa requirida

3 Procedemento de confirmación de prazas

- 1 Listaxe provisional de admitidos/as: unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na web municipal a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.
- 2 Prazo de reclamacións: unha vez publicada a listaxe disporase de 3 días naturais para presentar alegacións.
- 3 Listaxe definitiva de admitidos/as: publicarase transcorridos 3 días naturais dende o remate do prazo de alegacións.

4 Baixas:

Deberán comunicarse antes do día 20 do mes anterior, por unha das seguintes vías:



exp. 2021/G006/000145

- Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente). Incluir a documentación en solicitude xeral.
- Por escrito, no Rexistro Xeral do Concello.

Artigo 7. Criterios de baremación:

No caso de empate de puntuación realizarase o desempate por sorteo.

SITUACIÓN SOCIOLABORAL E FAMILIAR	
- Emerxencia social - Menores incluídos no programa de educación familiar - Familia con persoas con discapacidade a cargo - Familias con persoas dependentes a cargo - Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (564,90€) - Outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	5 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (847,35€)	4 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.412,25€)	3 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.259,6€)	2 puntos
Unidade familiar con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM (3.671,85€)	1 puntos
Situación de familia numerosa xeral.	1 puntos
Situación de familiar numerosa especial	2 puntos

SITUACIÓN LABORAL OU OCUPACIONAL	
Familias biparentais: 1- Cando as dúas persoas proxenitoras ou titoras legais traballen no mercado laboral. 2- Cando unha das persoas proxenitoras ou titoras legais traballe no mercado laboral.	3 puntos 1 puntos
Familias monoparentais: 1- Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral. 2- Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego.	5 puntos 2 puntos
Fogar monoparental: 1- Cando a persoa proxenitora ou titora legal traballe no mercado laboral. 2- Cando a persoa proxenitora ou titora legal se atope en situación de desemprego.	5 puntos 2 puntos

O Concello poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada pola COVID-19.

Máis información sobre estes programas no teléfono 981 513115 ou no correo electrónico cim@boqueixon.com



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2021/G006/000145

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

Visto e conforme, tramítese. Manuel Fernández Munín, alcalde-presidente